


Localización e accesos

O noso polígono está situado a menos de 30 minutos das principais áreas empresariais da contorna metropolitana (Sabón, Pocomaco e Agrela) e de dous importantes nodos loxísticos: o porto exterior e o aeroporto da Coruña.

O acceso directo coa autoestrada AG-55 permítenos unha comunicación fácil e rápida coas principais cidades e comarcas da Comunidade Autónoma galega.



 **Polígono de Carballo**



Rúa do Cobre, parcela A,
15105 Carballo (A Coruña)
T +34 981 701 090
info@poligonodecarballo.com
www.poligonodecarballo.com



 **Polígono de Carballo**



Dossier corporativo



O polígono en cifras

Superficie

1.218.000 m²

Facturación agregada

> 440 millóns de €

Zonas verdes

150.000 m²

Empresas

> 230

Nº de empregos directos xerados

> 2.800

Parque móbil empresarial

> 600 vehículos convencionais

> 400 vehículos pesados

Sectores

36



O noso polígono

O Polígono de Carballo está situado entre a área metropolitana da Coruña e as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas e Fisterra. Con 1.218.000 m² é un dos polígonos con maior superficie de Galicia, o que permite aloxar no seu interior actividades económicas que demandan un gran consumo de chan industrial e altos niveis de especialización.

A través da mellora continua dos nosos servizos e infraestruturas, aspiramos incrementar a competitividade da nosa área empresarial e das empresas asentadas nela; e, así, transformar ao Polígono de Carballo nun importante polo de desenvolvemento económico a nivel provincial e autonómico.

Entidade xestora

A Comunidade de Propietarios do Polígono de Carballo, constituída en 1991, agrupa a todos os propietarios da área empresarial, sendo a entidade responsable do correcto funcionamento das infraestruturas e dos servizos do polígono, dando resposta ás demandas e necesidades dos seus usuarios.

O noso polígono forma parte da Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE) e da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC). Pola súa banda, a Cámara de Comercio da Coruña elixiu ao Polígono de Carballo para situar o seu viveiro de empresas.



Servizos

- **Centro de Promoción Económica**
Acolle as oficinas da Comunidade de Propietarios e un amplo programa de actividades ao longo do ano. Conta con dúas salas e unha aula ao dispor das empresas do polígono.
- **Mantemento e control de infraestruturas**
O noso persoal encárgase de velar polo correcto funcionamento dos servizos e infraestruturas que compoñen o polígono.
- **Viveiro de empresas**
Poñemos ao dispor dos emprendedores un espazo que lles facilite a posta en marcha dos seus proxectos empresariais.
- **Punto limpo e recollida**
A xestión de residuos é un servizo especialmente valorado polas nosas empresas, dispoñendo dun punto limpo e recollida individualizada de cartón e plástico.
- **Bolsa de emprego**
Conectamos as empresas do polígono cos demandantes de emprego da zona co obxectivo de cubrir as súas necesidades de man de obra.
- **Parque de bombeiros**
Garantindo unha rápida intervención en caso de emerxencia nalgunha das naves ou vías do parque empresarial.
- **Bolsa inmobiliaria**
A través da web ou nas nosas oficinas facilitamos a compravenda e o alugueiro das naves e parcelas situadas no noso polígono sen ningún sobrecusto de intermediación entre as partes.
- **Gasoleneira**
Con prezos *lowcost* e distintas modalidades de pago.
- **Aparcamiento de pesados**
Contamos con dez áreas de aparcamento gratuito, así como unha zona específica con 42 prazas de aparcamento para camións e vehículos pesados.
- **Correo e mensaxería interna**
Un servizo que permite unha maior axilidade e un aforro de custos nas comunicacións entre as empresas situadas no polígono.
- **Zonas verdes, lecer e tempo libre**
O polígono é tamén un espazo de lecer e divertimento para os usuarios e veciños da zona. Dispón de importantes instalacións deportivas, centro social e restaurantes; así como amplas zonas verdes comunicadas coa contorna a través de itinerarios peonís e ciclistas.

Valor compartido

Fronte á imaxe convencional dos polígonos como espazos degradados e hostís, no Polígono de Carballo estamos convencidos de que unha correcta xestión do noso parque empresarial pode transformalo nunha infraestrutura urbana de calidade que achegue valor económico, social e ambiental ao conxunto do territorio.

